

Unidade 09. Relatamos unha viaxe

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Lectura e comprensión

O elefante é o mamífero terrestre máis grande (pode pesar 7500 gramos) e son bastante lonxevos xa que poden chegar a cumprir os setenta anos. Ao seu gran tamaño acompáñanlle a súa trompa, órgano nasal alongado, dotado de fortes músculos que lle permite coller obxectos, comida, refrescarse con auga...

Da mandíbula saen dous grandes cabeiros de marfil que poden medir tres metros. Caracterízanse polas súas grandes orellas que lle permiten reducir a temperatura do seu sangue.

A súa alimentación constitúese basicamente de arbustos, codia de árbores e herbas, e necesita unha cantidade de ata 200 quilogramos diarios por elefante adulto.


Un elefante pode alcanzar ata os 40 quilómetros por hora, a pesar do seu tamaño e peso, ademais é un bo nadador.

É un animal dócil, só ataca cando se ve en perigo. A familia está composta da femia e das crías. Fórmanse grupos duns vinte ou trinta elefantes que seguen unha femia adulta; é un sistema matriarcal, pero tamén é posible ver unidos diferentes rabaños que sumen ata mil membros.

Desprázanse en función de onde están situados o alimento e a auga.

Ao atardecer, ao amencer e pola noite, nas horas de menos calor, dedícanse a comer, e o resto das horas, descansan.

animales-salvajes.buscamix.com
(tradución)



1 Que quere dicir que os elefantes son lonxevos?

Que poden vivir moitos anos.

2 Que quere dicir que teñen un sistema matriarcal?

Que teñen un sistema no que a nai ten maior autoridade.

3 O elefante é un animal herbívoro? Si

• Por que?

Porque a súa alimentación se constitúe de arbustos, codia de árbores e de herbas.

4 Relaciona.

| | | |
|------------|---|---|
| Trompa • | → | Son de marfil e poden medir ata 3 metros. |
| Oreallas • | → | Serve para coller obxectos, comida, auga... |
| Cabeiros • | → | Serve para reducir a temperatura do sangue. |

Unidade 9. Relatamos unha viaxe

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Vocabulario

1 Escribe o significado de cada unha das seguintes palabras.

- Paisano: **Persoa que vive no campo, e que se dedica a labores agrícolas tradicionais.**
- Vilego: **Persoa] que é natural ou habitante dunha vila.**
- Cidadán: **Da cidade ou dos seus habitantes.**

2 Fai unha oración con cada un dos significados da palabra polisémica **paisano**.

Resposta libre

- _____
- _____
- _____

3 Completa o cadro formando familia de palabras.


| | | | |
|---------------|----------|------------|--------------|
| Cidade | ciudadán | ciudadanía | ciudadela |
| Vila | vilán | vilar | vilanía |
| País | paisaxe | paisano | paisaxístico |

4 Escribe o xentilicio que corresponda.

españóis brasileiros italianas portuguesas

- España **españóis** • Brasil **brasileiros**
- Italia **italianas** • Portugal **portuguesas**

5 Relaciona cada xentilicio co lugar do que procede.



Unidade 09. Relatamos unha viaxe

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

1 Observa o anuncio.



2 Completa coa información que atopas no anuncio.

• Que produto anuncia?

Anuncia zapatillas.

• Cal é a marca?

A marca é Pretoff.

• Que característica destaca do produto?

A velocidade.

• Nomea dous produtos que vises nos anuncios da televisión.

Resposta libre

3 Inventa ti un anuncio. Pon tamén o debuxo.

Unidade 09. Relatamos unha viaxe

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Comprensión oral

1 Cando ocorreu? _____

2 A onde foi a viaxe? _____

3 Que medio de transporte utilizaron? _____

4 Que fixeron nas illas?

5 Cando volveron e a onde? _____